

INFORMACIÓN DE INSCRICIÓN

As solicitudes de inscrición realizaranse na web municipal www.concellodeares.gal, no apartado das Escolas Deportivas e Culturais Municipais 2023-2024. Estes son os prazos que rexen o proceso de inscrición:

EMPADROAD@S: Do 11 de setembro en adiante ata completar grupos.

NON EMPADROAD@S: Do 20 de setembro en adiante ata completar grupos.

A disponibilidad de praza e o comezo das escolas notificarase individualmente por correo electrónico ás persoas interesadas.

MATRÍCULAS

Do 2 ao 16 de outubro, ambos inclusive, farase o pagamento da matrícula e da mensualidade destas escolas. Estes son os prezos de matrícula estipulados:

EMPADROAD@S: 9,57 €

NON EMPADROAD@S: 17,93 €

NORMAS DE FUNCIONAMENTO

Todas as cuestións relacionadas co funcionamento das escolas (suxestións, queixas...) tramitaranse directamente cos/cas responsables Técnica/os Municipais da área correspondente.

Procurase garantir ao máximo a asistencia, comunicando sempre á/ao monitor/a calquera ausencia prevista.

As/os usuarios/as das escolas disporán dun código QR no seu móbil que permitirá o acceso á instalación e ás actividades na mesma, tras amosalo na entrada do pavillón.

O abono das mensualidades efectuarase por domiciliación na conta que se indicará unha vez sexa confirmada a praza e a actividade.

As persoas que non renoven o seu pagamento no prazo disposto causarán baixa de forma automática na escola. Do mesmo xeito, ante a decisión de baixa nunha escola/actividade haberá que comunicalo no Pavillón Deportivo Municipal antes do día 25 do mes en curso, para evitar problemas coa xestión dos pagamentos. Por esa razón, as devolucións dos recibos supoñen un custe que será aboado polo/a usuario/a que o xenerara.

Aqueles usuarios/as que manteñan algún tipo de débeda no pago dalgunha escola/actividade do curso anterior deberán efectuar o seu pago. O incumprimento desta norma anula o dereito a inscrición na presente edición.

As escolas deportivas e culturais municipais interrumpirán o seu funcionamento nas datas festivas locais ou nacionais, así como nos períodos de vacacións escolares. Durarán dende outubro de 2023 a maio de 2024.

É responsabilidade de cada usuario/a a aptitude física necesaria para participar nas actividades/escolas convocadas, polo que o Concello de Ares non se fará cargo de ningún dano físico ou moral que poida derivarse da participación nas mesmas.


O Concello resérvase o dereito de anular unha actividade/escola por non ter o número suficiente de participantes (estímase en 10 o número de mínimo de inscritos/as para que dea comezo e/ou continúe unha escola/actividade) e de facer todas as modificacións que estime oportunas, para o bo funcionamento das mesmas.

Para máis información e inscricións, podes consultar o apartado dedicado ás escolas municipais deportivas en www.concellodeares.gal ou contactar a través do correo electrónico: deportes@concellodeares.com ou cultura@concellodeares.com

DESCONTOS DE COTAS

- **3 ou máis inscritos da mesma unidade familiar:** 50 % na matrícula + 50 % na cota da escola /actividade de menor importe.
- **Familia numerosa:** 50 % na matrícula + 50 % en todas as escolas/actividades.
- **Familias carentes de recursos económicos** (solicitude previa, comprobación e informe feito polos Servizos Sociais municipais): De balde.

2023-2024



ESCOLAS DEPORTIVAS E CULTURAIS MUNICIPAIS



Deputación
DA CORUÑA

XADREZ (+4 ANOS)

ONDE: Na Alianza Aresana (Grupo1). Na Agrupación Instructiva de Caamouco (Grupo2)

CANDO: Ares, Grupo1: Martes de 16 a 17 h.
Caamouco, Grupo2: Martes de 17,30 a 18,30h

PREZO: 8,88 € (menores) // 13,06 euros (adultos)

TENIS (+6 ANOS)

ONDE: No pavillón polideportivo municipal.

CANDO: Martes de 18:30 a 20:00 horas.

PREZO: 11,85 €

MINIBALONCESTO (6 A 16 ANOS)

ONDE: No pavillón polideportivo municipal.

CANDO: Martes e xoves de 16:30 a 17:30 horas.

PREZO: 11,85 €

XOGOS E PREDEPORTE CERVÁS (DE 5 A 9 ANOS)

ONDE: Nas instalacións da Gandeira de Cervás.

CANDO: Mércores de 16:30 a 18:00 horas.

PREZO: 11,85 €

ESCOLA C. DE TENIS DE MESA C. DE NARÓN

ONDE: No pavillón polideportivo municipal.

CANDO: Mércores de 17:30 a 19:30 horas

PREZO: 11,85 € (menores) // 19,52 € (adultos)

PATINAXE (+5 anos)

ONDE: No pavillón polideportivo municipal.

CANDO: Mércores e venres de 16:30 a 17:30 horas.

PREZO: 11,85 €

ESCOLA C. DE VOLEIBOL CV NARÓN VOLEA (+9 ANOS)

ONDE: No pavillón polideportivo municipal.

CANDO: Sábados de 11:00 a 13:00 horas.

PREZO: 11,85 €

ESCOLA C. DE VELA LIXEIRA C.N. DE ARES*

ONDE: Nas instalacións do club náutico.

CANDO: Sábados e luns de 10:00 a 13:30 (adultos)
e de 15:30 a 18:30 (menores)

PREZO: 14,82 € (menores) // 22,23 € (adultos)

***Sen matrícula, é obrigatorio federarse e saber nadar*

ESCOLA C. DE MÚSICA LAURA MORGADE (+4 ANOS)

ONDE: Na aula de Cultura na rúa Zamborela.

CANDO: Luns e Venres de 16:30 a 17:30 (3-6 anos)
Luns e Venres de 17:30 a 18:30 (7-15 anos)
Luns e Venres de 19:45 a 20:45 (+15 anos)

PREZO: 11,85 € // 19,52€

DEBUXO E PINTURA INFANTIL (+5 ANOS)

ONDE: Na aula de Cultura na rúa Zamborela.

CANDO: Martes de 16:45 a 18:15 horas.

PREZO: 8,88 €

FRANCÉS (A1 -A2)

ONDE: Na aula de Cultura na rúa Zamborela

CANDO: Luns e Venres de 18:45 a 19:45 horas.

PREZO: 11,85 € // 19,52€

ESCOLA C. DE DANZA MODERNA INFANTIL COMP-ARTE

ONDE: Na Sala Multiusos do pavillón municipal.

CANDO: Nados entre o 2018 e 2020 - Luns de 17:30 a 18:30 horas.

Nados entre o 2013 e 2017 - Luns de 18:30 a 19:30 horas.

Nados entre o 2006 e 2012- Venres de 16:30 a 18:30 horas.

PREZO: 8,88 € // 11,85 €

GAITA E PERCUSIÓN CO GRUPO DE GAITAS ARESÁN

ONDE: Nas escolas do Lago.

CANDO: Martes, xoves e domingos de 18:00 a 20:00
horas.

PREZO: De balde.

GAITA E PERCUSIÓN COA BANDA DE GAITAS RÍA DE ARES

ONDE: Nas escolas do Lago.

CANDO: Luns, mércores e sábado de 19:00 a 21:00
horas.

PREZO: De balde.

OUTRAS ESCOLAS DE INTERESE EN ARES

KAIK E PADELSURF. No Club Marítimo de Redes. +info no 620851861.

FÚTBOL 8 NUMANCIA DE ARES ADR. No pavillón polideportivo e no campo de fútbol municipal de Prados Vellos. +info no 981448121 ou no 619990250 e www.numanciadeares.es.

CLUB DE REMO DE ARES. Nas instalacións do propio club de remo. +info no 699453195.

ATLETISMO. Na escola de atletismo Paula Mayobre. +info no 659258308, 660302889 ou escuelapaulamayobre@gmail.com.

LOITA ARES TOP GYM. No Casino Aresano, jiu jitsu e kickboxing. +info no 683294422.

ESCOLA DE MÚSICA XÁBREGA. Nas escolas do Lago. +info no 679862287 ou a.c.xabrega@gmail.com.

ESCOLA BTT PULPEIROS MUGARDOS. Na pista cuberta do CPI As Mirandas. (o alumno ten que ter dominio básico da bicicleta) +info no 621124192 ou escuela@pulpeiros mugardos.com